

O artista galego Xosé Luís Otero (Nocelo da Pena, Sarreaus, 1966) expón no Centro de Cultura Contemporánea da cidade portuguesa de Castelo Branco. *A viagem*, que é o título da mostra, é un ambicioso proxecto que ocupa a totalidade das salas do centro en diálogo coa espectacular arquitectura do catalán Josep Lluís Mateo.

O tema que estrutura *A viagem* visualiza simbolicamente a aventura interior do artista como actor e suxeito. O creador parte da referencia ao labirinto por medio da lectura do conto de Jorge Luis Borges *La casa de Asterión*. O mito grego do Minotauro convértese no relato borgiano e na cultura contemporánea en labirinto interior. Velaí como este é entendido por Xosé Luís Otero, que utiliza unha das metáforas fundamentais da cultura occidental: o labirinto como fío condutor do discurso. Estamos, pois, perante unha percepción do ser humano como viaxeiro do labirinto, en perpétua metamorfose, en constante naufragio. Para facer visíbel esta travesía, o artista utiliza unha serie de simbolizadores entre os que ocupa un papel central o barco, que articula un mundo cheo de paisaxes distópicas, medos, culpas e perdóns.

O navio é un elemento simbólico asociado desde a antigüidade á viaxe, en especial á travesía nocturna polo mar, é un símbolo do corpo ou vehículo da existencia. Non debemos esquecer estas referencias: viaxe, acción nocturna e ambiente líquido para entendermos a construción argumental que subxace no traballo da exposición.

O barco é o home, o eu do artista; é, polo tanto, un símbolo nuclear de toda o traballo que nos ofrece Xosé Luís Otero. A identificación do actor-suxeito toma corpo na mostra na obra da embarcación que abre a exposición, nela reconecemos esta identificación do creador, como actor e suxeito, co barco; a sentimentalidade do artista proxectada para a embarcación. Na vontade argumental o eu (barco) pode dar paso ao nós, que nos envolve, case como se nós fixésemos parte da tripulación. Cómpre entendermos esta vontade de implicación do artista co potencial espectador case como un desdobra-



Xosé Luís Otero, *A viagem*

O artista como náufrago nocturno

CARLOS L. BERNÁRDEZ

to, algo semellante ao que acontece na poesía contemporánea cando xorde a pluralidade do eu lírico moderno. Xosé Luís Otero transfere estes referentes ao ámbito plástico

por medio de instalacións de enorme potencia visual.

O navio está relacionado con dous grandes mitos, o bíblico Moisés, isto é, o barco como berce (ventre materno), xerador de vida, e o grego de Caronte, mito

oposto asociado coa morte. Moisés abandonado no río, nun cesto de vime, flue nas augas cara ao destino da vida. Caronte, polo contrario, é un xenio do mundo infernal, a súa misión é pasar as almas através do Aqueronte até a beira oposta do río dos mortos; estes en pagamento, deben darlle un óbolo. Caronte guía o barco funerario mais non rema, reman as almas. No medio, entre a vida e a morte, o barco (home) navega.

Velaí a forma como nos aparece o barco de Xosé Luís Otero que inicia a súa *viagem*. Unha embarcación que evoca a memoria dos botes da antiga lagoa de

Antela, que é entendida como "lagoa do esquecemento", xogando cunha referencia do seu río natal, o Limia, e co relato romano da conquista da Gallaecia polo general Décimo Xunio Bruto. A historia conta que o militar romano atravesou primeiro o río e chamou desde a outra beira as tropas, superando o terror da lenda indíxena que falaba del como un río que faría perder a memoria a quen osar cruzar as súas augas.

Todas estas referencias nos levan á navegación, á travesía, ao percurso, entendidos como a vida que flue nun ambiente líquido (mar, lago, río) que é tránsito, dinamismo da vida. Todo sae deste medio e tudo regresa a el; un ámbito que é ambi-

valente, ao mesmo tempo imaxe da vida e da morte, entre a incerteza e a axitación. A partir desta idea xurdiron as diferentes evocacións da obra de Xosé Luís Otero: o medo, o crime, a culpa, o perdón, a distopía e as paisaxes do pecado, todas asociadas ao mundo simbólico e intimamente ligadas á experiencia do eu interior. Neste sentido, os obxectos tórnanse en materia simbólica.

Título: A viagem

Autor: Xosé Luís Otero

Curadoría: Jorge da Costa

Local: Centro de Cultura

Contemporánea de

Castelo Branco (Portugal)

Até o 3 de marzo

Arriba, á esquerda: Os sete pecados; á dereita, A barca. Na imaxe grande: O medo.

FOTOS: XOSÉ LUÍS OTERO



Para dar forma a esta experiencia vital única, todo o traballo de Xosé Luís Otero está baseado nunha referencia orgánica que, obviamente, ten que ver cunha fonda identificación coa natureza, como se o artista quisesse captar dela a súa pulsión, non a súa visión máis epidérmica. De aí esa intensa potencia física que transmiten as obras, que remiten a tensións profundas e ao mundo telúrico.

N'a *viagem* as obras son organizadas segundo un camiño que se desenvolve como se fose unha regresión ao pasado persoal, familiar e colectivo.

Un percorrido que nos leva á contemplación e posta en escena de medos e terrores mais tamén de naturezas devastadas e espazos baleiros onde non hai case vestixios de quen nelas viviu e que que re reflectir a soedade esencial do individuo, inquieto na incerteza do presente e alleo a calquera esperanza de futuro.

Mais en medio dese desacougo e desa análise, a tradición artística aparece como explícito terri-

torio para a indagación sobre o pasado e o presente. O artista activa un específico ritual íntimo que é reforzado polo contacto directo co espazo arquitectónico que é parte envolvente do seu labor para facer surxir unha realidade nova, que poida ser fermento de renovadas formas de creatividade.

O camiño